

# CAMIÑO DO FARO

## DETALLES

NICIO / PRENSA / DETALLES



### EDITORIAL TRIFOLIUM PUBLICA "CABALOS DO DEMO E OUTROS INVERTEBRADOS" DE ISIDRO NOVO

imagen  
no  
disponible

Albino Mallo

Editorial Trifolium, dentro da súa colección Litterae, ven de sacar do prelo "Cabalos do demo e outros invertebrados", de Isidro Novo.

"Como cando tes fillos espallados por diferentes localidades e un día queres reunilos", foi a idea que levou a Isidro Novo a reunir nun volume os cinco relatos, de temática diversa, que compoñen este libro. No primeiro deles, Cabalos do demo, subxace a lembranza real das estadas infantís e adolescentes do autor na bisbarra viveirense á que pertence a súa familia. O relato foi ganador do IV Certame Manuel Murguía de Narracións Breves alá polo ano 1995.

Os outro catro relatos compoñentes do libro foron escritos para diferentes conmemoracións, sendo o derradeiro publicado no seu día nun xornal galego.

O libro está ilustrado na cuberta pola pintora galega Ánxela Pérez Meilán. Isidro Novo é un lugués de ascendencia mariñá, que agás pequenos parénteses sempre residiu na súa cidade de nacemento.

O seu balbucir na escrita é no idioma castelán, pero cando tomou conciencia da propia identidade, o galego convértese na súa única lingua voluntaria.

"Teaza de brétema", publicado en 1994, foi o seu primeiro título individual. Seguironlle o western "Por unha presa de machacantes" e a continuación "Carne de can", un feixe de oito relatos, e o libro de poemas "Dende unha nada núa".

No 99 saíu a rúa "Antollos de Eimarmena", de narrativa curta, e logo de catro anos sen publicar, aparecerán, consecutivamente, as novelas: "Súa de si", "Rosa lenta" e "Un escuro rumor tralo silencio".

No ano 2007 ve a luz un libro de poemas da súa autoría titulado "Esteiro

de noites falecidas” e en 2009 saíra publicada a súa tradución ao galego da novela de Benito Vicetto “Los Hidalgos de Monforte”.

En tempos fixo radio (“Gomorrilas e novas criaturas”) na pirata Radio Clavi, ademais de publicar dúas guías orientativas para libar viño artesanal na súa cidade (“Guía do bebercio lugués” 92 e 95).

Últimamente e co apoio da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) impulsou a sección de recuperación do idioma “Palabras con memoria”, visible na web da devandita asociación.

FECHA: 01/12/2010

FUENTE: **Albino Mallo**